



### MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (LOTE 1) E PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR (ALMORZO E XANTAR) E APOIO AO COMEDOR (LOTE 2) LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 24-2017. Lectura de informe técnico e apertura sobre C.**

Sendo as 13:30 horas do día 11 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Justo Díaz Rodríguez, actuando como Asesor Xurídico.
- don María Baza Poudereux, Técnico do servizo de intervención.
- dona Margarita Calderón, Técnico do servizo de Educación.
- don Manuel Angel Brea Santomé, funcionario do servizo de contratación actuando como Secretario da mesa.

Asisten a reunión Don Santiago Seijas Alfonso, en representación da empresa A BILLARDA S.L., Don Jorge Ciz Pérez, en representación da empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA S.L., e o Concelleiro Delegado da Area de Educación e Infraestructuras Urbanas, Don Manuel Núñez López.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procede a lectura do informe técnico correspondente o sobre B, do teor literal seguinte:

**<< ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (LOTE 1) E PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR (ALMORZO E XANTAR) E APOIO AO COMEDOR (LOTE 2) LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 24-2017. VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN (CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE).**

A mesa de contratación do Concello de Lugo, reunida en sesión do 3 de agosto de 2017 acordou solicitar informe técnico dos Servizos de Contratación e Intervención para levar a cabo a valoración das ofertas presentadas no procedemento de contratación da PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR (ALMORZO E XANTAR) E APOIO AO COMEDOR (LOTE 2) LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO no relativo aos criterios non avaliados automaticamente.

Segundo establece a cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares, estes **criterios non avaliados automaticamente** son idénticos tanto para o lote 1 coma para o lote 2:

**12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: Ata un total de 1 punto distribuído como segue:**

**12.2.1.- CALIDADE NO EMPREGO: Ata 0,75 puntos.**

Valoraranse as proposicións dos licitadores que impliquen unha mellora nas condicións salariais (neste apartado só se avaliará o incremento retributivo dos complementos salariais, pluses, dietas e outras indemnizacións) e condicións laborais que melloren o disposto no II Convenio Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural (que se menciona aquí exclusivamente a estes efectos) e se comprometa a empresa licitadora a aplicar ao persoal que executará o contrato.

## CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: Acta SOBRE C

Asunto:

A puntuación distribuirase do seguinte xeito:

- **Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais** (tanto persoais por antigüidade, coma do posto de traballo - penosidade, perigosidade, turnicidade, nocturnidade - e complementos por calidade e cantidade de traballo – incentivos de asistencia e puntualidade, melloras das pagas extraordinarias, etc.), pluses, axudas familiares, dictas e outras indemnizacións: **Ata 0,5 puntos.**

Para a súa valoración a empresa licitadora deberá presentar unha proposta técnica que detalle as condicións salariais que se melloran (excluíndo calquera referencia ao incremento retributivo sobre o salario base xa que é información que debe estar no sobre C). A estes efectos achegarán unha táboa comparativa na que se identifiquen, por un lado as condicións salariais fixadas regulamentariamente ou no convenio colectivo indicado que se pretenden mellorar, e por outro a mellora específica ofertada de xeito que se permita unha axeitada avaliación.

A falta de presentación da dita táboa implicará a non avaliación do ofertado neste punto.

Non se avaliarán as melloras ofertadas no caso de que á vista das necesidades de prestación do servizo as mesmas non podan ser efectivamente aplicadas durante a execución do contrato (p.ex. incrementos de plus de nocturnidade cando non se precisan horas nocturnas para a prestación do servizo).

- **Melloras doutro tipo nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución do contrato. Ata 0,25 puntos.**

Valorase neste apartado as propostas que supoñan unha mellora real nas condicións laborais dos traballadores adscritos á execución deste contrato e de mellora da conciliación da vida persoal e laboral. Non se avaliarán as melloras que simplemente recollan declaracións xerais de boas prácticas ou intencións ou que simplemente garantan o cumprimento de obrigas legais ou regulamentarias que xa corresponden á empresa.

Así, neste apartado avaliarase a concesión de permisos, licenzas, vacacións, etc. que melloren o establecido no convenio colectivo indicado.

A estes efectos achegarán unha táboa comparativa na que se identifiquen, por un lado as condicións laborais fixadas regulamentariamente ou no convenio colectivo indicado que se pretenden mellorar, e por outro a mellora específica ofertada de xeito que se permita unha axeitada avaliación.

A falta de presentación de presentación da dita táboa implicará a non avaliación do ofertado neste punto.

### 12.2.2.- PLAN DE FORMACIÓN: Ata 0,25 puntos.

Avaliarase o plan de formación que se compromete a ofertar aos traballadores asignados ao servizo obxecto do contrato.

A formación deberá necesariamente estar relacionada coas funcións propias do posto a desempeñar polos traballadores, incluída a formación en igualdade, e estar impartida por centros que contén coas acreditacións e homologacións correspondentes (non se avaliará a formación que sexa obrigatoria por cumprimento dunha norma legal e polo tanto necesaria para a execución do servizo). Deberán indicarse claramente o número de cursos de formación e o número de horas de que consta cada un deles.

No procedemento de licitación tomaron parte e foron admitidas as seguintes empresas:

1.- ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L.: Lote 2.

2.- A BILLARDA, S.L.: Lotes 1 e 2.

3.- SERVIPLUSTOTAL, S.L.: Lote 1.

Tras a apertura dos sobres B, as súas proposicións son as seguintes:

#### 1.- ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. presenta a seguinte oferta:

##### 1.1. Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais :

| CONCEPTO                 | CONVENIO                                        | MELLORA OFERTADA             |
|--------------------------|-------------------------------------------------|------------------------------|
| Pago de salarios.        | Del 30 al 5 del mes vencido.                    | Del 25 al 30 del mes actual. |
| Dietas e desprazamentos. | Desprazamentos a cargo da empresa<br>0,19 €/km. | 0,24 €/km.                   |

##### 1.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais:

| CONCEPTO                                        | CONVENIO                    | MELLORA OFERTADA                    |
|-------------------------------------------------|-----------------------------|-------------------------------------|
| Permiso retrib. nacemento fillo.                | 3 días                      | 5 días (2 máis).                    |
| Permiso retrib. accidente ou enfermidade grave. | 2 días                      | 3 días (1 máis).                    |
| Permiso non retribuído.                         | 10 días permiso sen soldo   | 15 días permiso sen soldo (5 máis). |
| Excedencia coidado fillos.                      | Reserva praza ata 3 anos    | Ata 4 anos (1 ano máis).            |
| Excedencia coidado familia.                     | Dentro 2º grao. Ata 2 anos. | Ata 3 anos (1 ano máis).            |



### 1.3. Plan de Formación:

Achega un posible un plan de formación cos seguintes Cursos:

| CONCEPTO                                     | DURACIÓN (presencial) | DURACIÓN (on-line) |
|----------------------------------------------|-----------------------|--------------------|
| FB: Prevención riscos laborais.              |                       | 4 horas.           |
| FB: Primeiros auxilios.                      | 4 horas.              |                    |
| FB: Hixiene e seguridade alimentaria.        |                       | 3 horas.           |
| FB: Alerxias e intolerancias alimentarias.   |                       | 3 horas.           |
| FE: Nutrición básica en comedores escolares. |                       | 3 horas.           |
| MO: Resolución de conflitos.                 | 3 horas.              |                    |
| MO: Plan de igualdade aplicada á educación.  |                       | 4 horas.           |

Total horas Cursos: 24 horas, detallando 14 horas en formación básica, 3 horas en formación específica e 7 horas de melloras ofertadas. Indica que o persoal que se incorpore deberá dispoñer de formación básica en Hixiene e seguridade alimentaria e primeiros auxilios, contemplándose non obstante o recurso para estas accións formativas no caso que sexa necesario. O Convenio non obstante establece un mínimo de 20 horas anuais, polo que só se valorarán as que excedan de ese mínimo, é dicir 4 horas.

### 2.- A BILLARDA, S.L. presenta a seguinte oferta:

#### 2.1. Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais

| CONCEPTO            | CONVENIO     | MELLORA OFERTADA                                         |
|---------------------|--------------|----------------------------------------------------------|
| Plus produtividade. | Non reconece | 10.000 € anuais a distribuír entre os traballadores (1). |

(1) Ao concorrer aos dous lotes e non indicar porcentaxe algún, enténdese que a mellora ofertada distribuirase entre os traballadores dos dous lotes ao 50%, a razón de 5.000 € para cada lote.

#### 2.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais:

| CONCEPTO                                      | CONVENIO                                                                                                                                              | MELLORA OFERTADA                                                            |
|-----------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| Permiso libre disposición.                    | 0 días.                                                                                                                                               | 1 día (1 máis).                                                             |
| Vacacións anuais.                             | 30 días.                                                                                                                                              | 33 días (3 máis).                                                           |
| Permiso matrimonio ou inicio vida común.      | 15 días.                                                                                                                                              | 30 días (15 máis).                                                          |
| Permiso nacemento fillo.                      | 3 días.                                                                                                                                               | 15 días (12 máis).                                                          |
| Permiso voda dun familiar.                    | 1 día.                                                                                                                                                | 2 días (1 máis).                                                            |
| Permiso non retribuído.                       | Ata 10 días.                                                                                                                                          | Ata 60 días (50 máis).                                                      |
| Mínimo excedencia voluntaria.                 | 4 meses.                                                                                                                                              | 15 días                                                                     |
| Disfrute excedencia.                          | 4 anos entre unha e outra.                                                                                                                            | 3 meses entre unha e outra.                                                 |
| Máximo excedencia coidado fillos ou familiar. | 3 anos (fillo).<br>2 anos(familiar).                                                                                                                  | 8 anos (fillo).<br>4 anos (familiar).                                       |
| Ampliación permiso maternidade.               | 16 semanas.                                                                                                                                           | 20 semanas (4 semanas máis e proporcionalmente en caso de partos múltiples) |
| Ampliación permiso paternidade.               | 13 días. Nova reforma 4 semanas.                                                                                                                      | 30 días (2 máis).                                                           |
| Permiso lactancia acumulada.                  | 15 días naturais.                                                                                                                                     | 30 días (15 máis).                                                          |
| Ampliación horas sindicais retribuídas.       | Ata 100 traballad.: 15 h.<br>101 - 250 traballad.: 20 h.<br>251 - 500 traballad.: 30 h.<br>501 - 750 traballad.: 35 h.<br>751 - ... traballad.: 40 h. | 40 horas.                                                                   |
| Períodos de proba.                            | Grupo 1: 6 meses.<br>Grupo 2: 2 meses.                                                                                                                | 0 días para tódolos grupos.                                                 |

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: Acta SOBRE C

Asunto:

|                                                                                                                                                                   |                                                                   |                                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                                   | Grupo 3,4,5,6: 1 mes.                                             |                                                |
| Cese voluntario, período notificación previa.                                                                                                                     | Grupo 1: 2 meses.<br>Grupo 2: 1 meses.<br>Grupo 3,4,5,6: 15 días. | 1 día para tódolos grupos.                     |
| Permiso retribuído por consulta médica familiares ata 2º grao que dependan ou estean ao seu cargo e menores ou dependentes con garda e protección do traballador. |                                                                   | O tempo necesario para as consultas.           |
| Vestuario e material (1)                                                                                                                                          | Necesidades do servizo                                            | Móbil de empresa.<br>Ordenador para o servizo. |

(1) Aínda que o convenio só especifica prendas de traballo e equipos de protección, non se consideran as melloras ofertadas por entender que son exclusivamente de uso para cubrir as necesidades do servizo.

**1.3.- Plan de Formación**

| CONCEPTO             | DURACIÓN   |
|----------------------|------------|
| Monitor tempo libre  | 350 horas. |
| Director tempo libre | 300 horas. |
| Igualdade de xénero  | 100 horas. |

Total horas a maiores das mínimas: 750 horas

Indícase expresamente que: "A formación programada para este contrato inclúe os seguintes cursos específicos (aparte da formación establecida por lei) e será ofertada anualmente a tódolos traballadores.

**3.- SERVIPLUSTOTAL, S.L. presenta a seguinte oferta:****1.1. Melloras que supoñan un incremento retributivo dos complementos salariais**

| CONCEPTO          | CONVENIO          | MELLORA OFERTADA                                                       |
|-------------------|-------------------|------------------------------------------------------------------------|
| Nocturnidade (1)  | 15% salario base. | 20 % salario base.                                                     |
| Axudas familiares |                   | 50 € para libros texto para pais e nais con fillos menores de 10 anos. |

(1) Non se valora por non desenvolverse o servizo en horario nocturno.

**1.2. Melloras doutro tipo nas condicións laborais:**

| CONCEPTO                                      | CONVENIO                                                     | MELLORA OFERTADA                                           |
|-----------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| Vacacións anuais.                             | 30 días.                                                     | 45 días (15 máis).                                         |
| Permiso matrimonio.                           | 15 días.                                                     | 20 días (5 máis).                                          |
| Excedencia voluntaria.                        | Concesión con un mínimo de antigüidade de 1 ano.             | Mínimo de antigüidade de 6 meses.                          |
| Disfrute excedencia.                          | 4 anos entre unha e outra.                                   | 3 meses entre unha e outra.                                |
| Máximo excedencia coidado fillos ou familiar. | 3 anos (fillo).<br>2 anos(familiar).                         | 8 anos (fillo).<br>4 anos (familiar).                      |
| Ampliación permiso paternidade.               | 13 días. Nova reforma 4 semanas.                             | 35 días (7 máis).                                          |
| Ampliación permiso maternidade.               | Indican 4 meses. O convenio de referencia indica 16 semanas. | 5 meses (enténdense 4 semanas máis).                       |
| Permiso lactancia.                            | 1 hora ou 2 medias horas ou 15 días naturais.                | 2 horas. (enténdese equivalente a 30 días -15 días máis-). |

**1.3 Plan de Formación:**

| CONCEPTO                                                   | DURACIÓN |
|------------------------------------------------------------|----------|
| Actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil |          |



|                                                                                                              |  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| Coordinación e dinamización do equipo de monitores.                                                          |  |
| Planificación, organización, xestión e avaliación de proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil. |  |
| Curso de inglés.                                                                                             |  |

Total horas cursos: 60 horas. Indícase expresamente que: "Se ofrece un total de 60 horas anuais, de libre disposición, por trabador para realizar cursos específicos del convenio, cursos organizados por la empresa Serviplus total S.L.". O Convenio non obstante establece un mínimo de 20 horas anuais, polo que só se valorarán as que excedan de ese mínimo, é dicir 40 horas.

En consecuencia, tras a análise pormenorizada de ditas ofertas, a súa comparación e a consideración do seu impacto nos servizos a prestar e nos traballadores asignados aos mesmos, propóñense as seguintes puntuacións:

Lote 1:

|                                      | <u>Melloras<br/>salariais</u> | <u>Melloras<br/>laborais</u> | <u>Plan de<br/>formación</u> | <u>Total</u> |
|--------------------------------------|-------------------------------|------------------------------|------------------------------|--------------|
| Alimentación Saludable Gallega, S.L. |                               |                              |                              |              |
| A Billarda, S.L.                     | 0,50                          | 0,25                         | 0,25                         | 1,00         |
| Serviplus total, S.L.                | 0,05                          | 0,19                         | 0,10                         | 0,34         |

Lote 2:

|                                      | <u>Melloras<br/>salariais</u> | <u>Melloras<br/>laborais</u> | <u>Plan de<br/>formación</u> | <u>Total</u> |
|--------------------------------------|-------------------------------|------------------------------|------------------------------|--------------|
| Alimentación Saludable Gallega, S.L. | 0,10                          | 0,08                         | 0,01                         | 0,19         |
| A Billarda, S.L.                     | 0,50                          | 0,25                         | 0,25                         | 1,00         |
| Serviplus total, S.L.                |                               |                              |                              |              |

>>

Seguidamente procedese a apertura do sobre C que arroxa o seguinte resultado:

LOTE 1:

SERVIPLUSTOTAL,S.L., comprométese a execución do contrato por importe de 32.110,40 euros mais o 10% de IVE (3.211,04 euros), do que resulta un importe total, para a primeira anualidade de 35.321,44 euros. Oferta, tamén, un incremento sobre as retribucións do salario base de 1% sobre o establecido no II Convenio Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural.

LOTE 2:

ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L., comprométese a execución do contrato por importe de 281.934 euros, mais un 10 % de IVE (28.193 euros) o que fai un total para a primeira anualidade de 310.127,00 euros. Oferta, ademais, un número de horas anuais gratúitas de monitores/coiadores de atención ao alumnado de 3.000 horas e un incremento sobre as retribucións do salario base de 2,5% sobre o establecido no II Convenio Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural.

**CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/mb

Refª: Acta SOBRE C

Asunto:

A BILLARDA, S.L., comprométese a execución do contrato por importe de 101.000,00 euros, mais un 10 % de IVE (10.100,00 euros) o que fai un total para a primeira anualidade de 111.100,00 euros. Oferta, ademais, un número de horas anuais gratuítas de monitores/coidadores de atención ao alumnado de 3.500 horas e un incremento sobre as retribucións do salario base de 9% sobre o establecido no II Convenio Marco Estatal de Ocio Educativo e Animación Sociocultural.


A vista das ofertas presentadas a Mesa de Contratación acorda:

1º.- Proponer o órgano competente a selección da empresa SERVIPLUS TOTAL S.L., para a execución do contrato de PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, por importe de 35.321,44 euros IVE incluído.

2º.- Dar audiencia á empresa A BILLARDA S.L., para a xustificación da valoración da súa oferta económica, precisando as condicións da mesma, o incorrer esta en baixa desproporcionada ou anormal.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 14:00 horas, no lugar sinalado no encabezamento.


O PRESIDENTE,



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



O SECRETARIO,



Asdo.: Manuel Angel Brea Santomé.